

COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AO XUÍZO CONTRA JORGE CUEVAS (CEMENTEIRA DE VILAR)

PLENO 4 ABRIL 2013. ACTA 7/2013

O 23 de xaneiro suspendeuse o xuízo por desobediencia contra o empresario Jorge Cuevas, dono da cementeira situada na parroquia de Vilar. Lembremos que neste xuízo o Concello é parte demandante, xa que dito empresario rompeu en numerosas ocasións os precintos postos polo Concello, seguindo así coa súa actividade ilegal.

É a segunda vez que se apraza o xuízo, posto que o primeiro ía ser o 10 de outubro de 2012, data na que un dos representantes se atopaba en Brasil e ademais coincidía con outro xuízo do empresario por fraude fiscal. Visto que esta vez o xuízo se apraza porque un dos representantes (imaxinamos que o mesmo) se atopa en Brasil, dende AER facemos nosas inquedanzas dos veciños afectados por esta cementeira e solicitamos a comparecencia do alcalde para que nos responda ás seguintes preguntas:

- Sabe quen é esta persoa que está no Brasil e a pesares de estar citada con tempo suficiente non pode acudir ao xuízo? Resulta relevante a súa participación no pleito? Non pode declarar por videoconferencia?
- Ao non ser parte do proceso, senón que ocupa a posición de testemuña, descoñecemos os motivos alegados pola planta de formigón para solicitar este aprazamento. Sabe o alcalde cales son?
- Ante a solicitude do aprazamento por parte da cementeira preguntamos: Fixo o Concello algunha alegación? Están de acordo? Opóñense e querían que o xuízo se celebre? Estase facendo por parte do Concello de Redondela todo o posible para que este xuízo se celebre e depurar responsabilidades?

O Alcalde di que o Concello non é parte demandante senón que se puxeron os feitos en coñecemento do xulgado, que actúa de oficio. Non poden facer nada. Terá que Preguntar directamente no Xulgado.